

Federación Galega de Espeleoloxía

Material necesario

Material para facer actividade espeleolóxica: Como material xeral para todos os cativos: Lubas, botas de auga (preferiblemente), roupa de protección, casco e frontal. Aqueles que acompañados dos seus titores ou responsabeis vaian facer cova vertical deberán acudir con arnés e equipo de progresión vertical completo e mais co material colectivo que precisen.

Nota: O teléfono móbil non é unha linterna.

Material para a pernocta: Saco de durmir e esterilla, prato, taza e cubertos.

Inscripcións

A través de cetra@cetra.es según se indica no regulamento.

Infantiles e Xuveniles: Inscripción gratuita.

Titores e acompañantes: 12 €.

A cuota cobre os custes de pernocta, cea do sábado pola noite e o almorzo do domingo. O xantar, merenda e desprazamentos son a cargo dos participantes.

A cuota non inclúe o custe das licencias de fin de semana. As licencias deberán tramitarse a través do clube co que se realice a inscrición.

A cuota aboarase mediante transferencia ó formalizar á inscrición.

Localización

As actividades do sábado comezan en Santalla, concello de Samos:

GPS UTM 29T X- 650.316, Y- 4.716.714.

Á saída de Samos, seguindo pola LU-633 cara O Cebreiro, collemos a dereita a LU-P-5601 ate Airepadrón, onde seguimos pola LU-P-5603 ate chegar a Paredes-Vilela. Á saída dos pobos, perto do río, collemos a LU-P-5605 ate Santalla. O lugar de pernocta confirmarase antes da actividade.

Colaboran :



Federación
Galega de
Espeleoloxía



Samos e Triacastela, Lugo
7 e 8 de setembro 2019

XXIII Campamento Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía

**Se non estiveches
nunca nunha cova:
Ven descubrir qué é a
espeleoloxía**

**E si xa a practicas, ven
ensinar a outros cómo
é o noso deporte-
ciencia**



Unidos por un planeta #SinContaminaciónDelAire

XXIII Campamento Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía

A actividade ten por obxecto contribuir ao descubrimento da espeleoloxía como deporte-ciencia e das covas como recurso natural e cultural.

Datas e lugar de realización: Samos – Triacastela - Las Herrerías o 7 e 8 de setembro 2019.

Data límite de inscrición no Campamento: 31 de xullo de 2019.

Para poder participar no campamento é imprescindible estar en posesión da licenza do ano en curso expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida por esta (ás das federacións integradas na CEC). Os menores de idade precisan de permiso paterno (que custodiará o club) e acudir tutelados por un adulto.

Se non estiveches nunca nunha cova, ven a descubrir qué é a Espeleoloxía e, si xa a practicas, ven ensinar a outros como é o noso deporte-ciencia. Ós que veñan descubrir a espeleoloxía por primeira vez, a FGE subvencionará 10€ dos 20,43€ que custa por persoa unha Licenza de 3 Días: a básica para descubrir esa fin de semana a Espeleoloxía, con Seguro de Accidentes e de Responsabilidade Civil (prezo final: 10,43€).

Os participantes virán equipados co material espeleolóxico de progresión horizontal e vertical. Tanto individual como colectivo.

Na inscrición o interesado facilitará os seus datos: nome, apelidos, NIF, clube, teléfono e correo electrónico, datas de chegada e saída.

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes.

Calquera outra situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

Non esquezas: Realizar un traballo en equipo, fundamento da exploración espeleolóxica.

Clube de Espeleoloxía A Trapa
Manuel de Castro, 8, 3º Dereita
986 231 876
cetra@cetra.es
www.cetra.es

A descuberta da espeleoloxía e das covas ímola facer a través de varias actividades centradas cada unha delas nun dos tres grandes recursos que aportan as covas: A Xeodiversidade, a Biodiversidade e mailo Patrimonio Cultural. O programa podería mudar en función das autorizacións de acceso.

Sábado 7 de setembro

10:00 Quedada en Santalla (Samos)

10:30 Descubre as covas – xeodiversidade e biodiversidade

- Para os espeleólogos da organización, os neófitos e todos aqueles que queiran participar: Cova Grande de Santalla (Samos)
- Para os espeleólogos con experiencia en TPV, e acompañados dos seus titores: Cova da Galleira I e II en Santa María do Monte (Triacastela).

14:00 Xantar: Ben no área de Santalla, ben no área de Santa María do Monte.

16:00 Descubre as covas – patrimonio cultural

- Para aqueles que amosen destreza e mobilidade no terreo:
 - Cómo é unha excavación arqueolóxica: Visita á Cova Eirós ou Cova das Ovellas en Cancelo (Triacastela). Guiaranos o arqueólogo Arturo Lombera.
 - Paleontoloxía: Visita á Cova das Cabras en Cancelo (Triacastela).
- Para aqueles que non teñan hábito de moverse en montaña:
 - Etnografía: Visita á Cova da Fonte de Quintás

18:30 Merenda: Ben en Cancelo, ben en Quintás, segundo a actividade.

19:00 Traslado a zona de pernocta.

20:00 Preparación do acampamento, tempo de asearse de e lecer.

21:30 Cea

Domingo 8 de setembro

09:00 Almorzo

10:00 Desprazamento ata Valcarcel

11:00 Cova de Cortiñas en Las Herrerías (Valcarcel – León).

14:00 Xantar nos prados preto da cova.

16:00 Peche da actividade

Os participantes na actividade de Cova Grande de Santalla, farán unha visita guiada e de descubrimento do medio, e despois farán unha segunda visita sós pero supervisados e desenvolvendo dous xogos: *SAFARI DE ESPELEOTEMAS* e *NA PROCURA DO TROGLOBIO*.

Campamento galego

Curiosidades das covas a visitar

Respectar o medio ambiente das covas é respectar a vida, por iso non esquezas

Coidar

Non deixando nada atrás, agás as tuas pegadas

Preservar

Empregando técnicas de iluminación respectuosas co medio

Conservar

Non estragando o medio natural: covas e zonas kársticas axudan ao desenvolvemento local

Protexer

Mantente dentro dos sendeiros marcados e minimiza o risco de accidentes

Desfrutar

Apreciando a beleza natural e os seus valores arqueolóxicos e paleontolóxicos

Todas as covas atesouran pequenas xoias da natureza:

Por exemplo, a Cova Grande de Santalla ou Cova dos Carballo é fogar do escarabello troglóbio *Laemostenus (Antisphodrus) peleus* (Schaufuss, 1861) [(SALGADO COSTAS, 2008)].



E tamén, entoutros, dun opilone (arácnido) troglófilo da familia dos Isquiropsalidos (*Ischyropsalididae*), que, a diferenza das arañas que coñeces, ten dous quelíceros (coma as pinzas dun caranguexo) perto da súa boca.



Nalgunhas das covas poderás ver os ósos de animais que caíron ou entraron na cova. E incluso, si tes sorte, igoal es capaz de atopar os rabuñazos dos osos cavernarios que viviron nestas cavidades



Mais lembra: Coida o que estás a ver. Non toques ou remexas nos ósos. Non toques os rabuñazos. Non molestes ós insectos e animais da cova. Non collas pedras, espeleotemas (inda que estean esnaquizados)... E se queres ter algo para lembrar o que ves: Fai unhas fotos!